

TAXAS E DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR CON ESTA SOLICITUDE

BLOQUE	MATERIA	PREZO (€)
A	FRAUTA TRAVESEIRA, CLARINETE, SAXOFÓN, FAGOTE, TROMPA, TROMPETA, TROMBÓN, TUBA-BOMBARDINO, PERCUSIÓN, GAITA * Clases compartidas (tres alumnos como máximo)	200
B	CLASES INDIVIDUALIZADAS DE CALQUERA INSTRUMENTO DO BLOQUE A * No caso de dispoñibilidade horaria, tanto de aulas como de docentes	400
C	MÚSICA E MOVEMENTO, LINGUAXE MUSICAL, HISTORIA DA MÚSICA, ANÁLISE, FORMAS MUSICAIS, FUNDAMENTOS DA COMPOSICIÓN, OBRADOIRO DE CREACIÓN SONORA, FORMACIÓN DE ADULTOS, HARMONÍA CLÁSICA, HARMONÍA DE JAZZ, IMPROVISACIÓN, TÉCNICAS DE RESPIRACIÓN, APOIO MUSICAL, INICIACIÓN Á INFORMÁTICA MUSICAL	200
D	BIG BAND, COMBOS, GRUPO DE METAIS, GRUPO DE CLARINETES, GRUPO DE SAXOFÓNS, BANDA DA ESCOLA, CORO MODERNO, GRUPO TRADICIONAL, CHARANGA, GRUPO DE PERCUSIÓN, GRUPO DE PANDEIRETAS, GRUPO DE CÁMARA	100

O alumnado matriculado en dúas materias, unha de instrumento (bloque A ou B) e outra do bloque C, verá reducido o importe anual deste último bloque C no 33,33 %. Ademais, poderá asistir de balde a CORO, BANDA, CHARANGA, BIG BAND, GRUPO TRADICIONAL, TÉCNICAS DE RESPIRACIÓN, HARMONÍA CLÁSICA e HISTORIA DA MÚSICA (as cinco primeiras no caso de contar con alumnado suficiente para formar os grupos, coa aceptación da persoa responsable da aula de formación colectiva).

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do DNI/NIE
- 2 fotografías tamaño carné

BONIFICACIÓNS:

- 1.- O alumnado que sexa o terceiro ou posterior membro da unidade familiar que se matricula, verá reducido o prezo nun 50 %. Esta bonificación realizarase tomando como referencia a taxa máis alta.
- 2.- Estará exento do pagamento o alumnado que se matricule en estudos dun instrumento que poida ser obxecto dunha campaña de promoción por parte da escola, por tratarse dun instrumento dos menos populares. A decisión da elección do instrumento será tomada polo claustro de profesores.
- 3.- O alumnado que pertenza a familias numerosas ou con ingresos anuais netos inferiores a 3.610 euros por membro da unidade familiar, terá dereito a unha redución do 25% na cota establecida para a prestación de servizos ou realización de actividades na Escola Municipal de Música.
- 4.- Para obter os beneficios que se sinalan no parágrafo anterior, o alumnado deberá presentar a solicitude correspondente no momento de efectuar a matrícula, achegando a documentación acreditativa das circunstancias que se alegan:
 - Libro de familia: copia compulsada das follas de todos os membros da unidade familiar.
 - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria no que consten as rendas de todos os membros da unidade familiar.

FORMA DE PAGAMENTO:

O pagamento deste prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria, fraccionado en tres trimestres, nos dez primeiros días de cada trimestre (outubro, xaneiro e abril).